

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 2 DE MARZO DE 2018

FAVORABLES.-

LAP/478/2016.- MANUEL CABEZA GARCÍA.- Conceder licenza de obras de ampliación para adición de 2ª planta e acondicionamento de edificación para destinalo a apartamentos turísticos en rúa do Avío nº 41.

LIC/1762/2016.- JOSÉ REGUEIRO OTERO.- Conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Marantes nº 7.

LIC/57/2017.- JORGE MONTENEGRO GIL.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a execución dunha vivenda unifamiliar illada na rúa das Pedrerías nº 32 – Laraño.

LIC/54/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RUA DE RIANXO, 6.- Conceder licenza para a instalación de ascensor, escaleiras e intervención na fachada dun inmovible sito na rúa de Rianxo nº 6.

LIC/791/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA. COIMBRA 6-8-10.- Conceder licenza para a instalación dun ascensor e rehabilitación doutros dous con acceso á planta ático dun inmovible sito na Avda. de Coimbra, 6-8-10.

LIC/1763/2017.- DESIRÉE TEIJEIRO OSORIO.- Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar na rúa Pico Sacro, 14.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras de ampliación para adición de 2ª planta e acondicionamento de edificación para destinalo a apartamentos turísticos en rúa do Avío nº 41. LAP/478/2016. Apróbase a proposta

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Marantes nº 7. LIC/1762/2016. Apróbase a proposta

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a execución dunha vivenda unifamiliar illada na rúa das Pedrerías nº 32 - Laraño. LIC/57/2017. Apróbase a proposta

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a instalación de ascensor, escaleiras e intervención na fachada dun inmovible sito na rúa de Rianxo nº 6. LIC/54/2018. Apróbase a proposta

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a instalación dun ascensor e rehabilitación doutros dous con acceso á planta ático dun inmovible sito na Avda. de Coimbra, 6-8-10. LIC/791/2017. Apróbase a proposta

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar na rúa Pico Sacro, 14. LIC/1763/2017. Apróbase a proposta

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da recepción das obras de urbanización do Polígono 2 do SUNP-28. A BARCIA. Apróbase a proposta

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a un recurso de reposición contra acordo de imposición de sanción no expediente tributario ESA/2017/15/000/00737. Apróbase a proposta

9.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á continuidade do procedemento de contratación do subministro para a mellora das instalacións de alumeadado público nos accesos á cidade de Santiago de Compostela (FASE II). Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020. Acórdase a continuidade do procedemento de contratación requirindo á empresa Cobra Instalaciones y Servicios SA a comparecencia para a formalización dos correspondentes contratos, un prazo máximo de cinco días contados desde o seguinte á remisión do requirimento.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á continuidade do procedemento de contratación do subministro para a mellora das instalacións de alumeadado público nos accesos á cidade de Santiago de Compostela (FASE III). Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020. Acórdase a continuidade do procedemento de contratación requirindo á empresa Ferrovial Servicios SA a comparecencia para a formalización dos correspondentes contratos, un prazo máximo de cinco días contados desde o seguinte á remisión do requirimento.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á continuidade do procedemento de contratación do subministro para a mellora das instalacións de alumeadado público nos accesos á cidade de Santiago de Compostela (FASE IV). Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020. Acórdase a continuidade do procedemento de contratación requirindo á empresa Cobra Instalaciones y Servicios SA a comparecencia para a formalización dos correspondentes contratos, un prazo máximo de cinco días contados desde o seguinte á remisión do requirimento.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto técnico de dotación de equipamento de ocio en Lavacolla. Apróbase o proxecto de equipamentos de ocio en Lavacolla, cun orzamento máximo de licitación de 74.622,36 euros. O prazo de execución é de tres meses.

13.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre construcións, instalacións e obras, no imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

84.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición interposto contra acordo da sesión de 3.3.17, denegatorio de exención no imposto sobre o aumento do valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

85.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia dando conta de corrección de erro material no punto 66 da sesión de 9.2.18, de adxudicación do subministro e instalación de elementos novos para remodelación da área de xogos infantil do parque "Pablo Iglesias". Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á solicitude de subvención á Deputación da Coruña dentro do programa de subvencións a entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2018. Acórdase solicitar unha subvención de 10.000 euros para o mantemento da Escola Municipal de Música de Santiago.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de Subministro para a modernización das instalacións de iluminación no pavillón polideportivo de Fontiñas. Orzamentos Participativos 2017, Compostela Decide. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 24.897,31 euros, IVE incluído.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato das obras de restauración e mellora do itinerario fluvial “De ponte a ponte polo río Sarela”. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Excavaciones Midon SL por un importe de 62.926,05 euros, IVE incluído.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación das obras de execución do proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso a Busto: Cruce de Chorente-Neiro. POS +. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 179.955,53 euros, IVE incluído.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación das obras de execución do proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso ás Pereiras-A Gracia. POS +. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 108.000 euros, IVE incluído.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao inicio do expediente de recepción das obras de reforma da cuberta e mellora da instalación de iluminación do pavillón de Monte dos Postes. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación das obras de accesibilidade en Fontiñas. Orzamentos Participativos 2017-Compostela Decide. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 74.154,85 euros, IVE incluído.

8.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Servizo de dirección pedagóxica, docencia e organización dos diferentes programas educativos e das actividades da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela. Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación do servizo mediante procedemento aberto. O importe máximo autorizado de cada anualidade é de 425.848,83 euros. O prezo máximo a ofertar será, polo tanto, de 38,82 euros/hora de servizo.